

EL FANTÁSTICO CASO DEL GOLEM

Burnin' Percebes, 2023

1126

ESTREA EN NUMAX: 26.06.2023 | V.O. | +12 | 95 min

Tras unha noite de festa, David precipítase borracho desde unha terraza ante a mirada do seu amigo Juan. O corpo de David impacta contra o capó dun coche desintegrándose en mil anacos. Como ninguén parece escandalizarse, Juan propónse descubrir que pasou. E así, vese inmerso nun labirinto de incongruencias e pianos que caen do ceo...

«Para coleccionistas desoutro maravilloso cinema, tan real como imposible»

Ricardo Rosado, FOTOGRAMAS



Entrevista con Nando Martínez e Juan González (Burnin' Percebes):

«O que máis boto de menos da rodaxe é tirar cousas desde grúas»

Por Alfonso Rivera

Un personaxe rompe en mil anacos ao comezo do voso novo filme. Cando vos sentistes vós igual (persoal e profesionalmente)? Cando algo non sae como o esperabas ou recibes malas noticias dalgunha forma estase quebrando o preestablecido ou o favorable. Polo que cada vez que se nos cae un proxecto ou este non sae como pensabamos rompemos un pouquiño. Non é necesaria unha situación extrema como a presentada no filme para sentirse desorientado.

A estrañeza (surrealista) que vive o protagonista do filme, é unha metáfora ou un relato da que sentimos cada día? J. G.: É un retrato, algo esaxerado e manipulado a favor do humor, do noso contexto concreto. Ás veces temos a sensación de que a vida, se paras a mirala con detención, é moito máis tola que a ficción, é só que a damos por feito. O personaxe de Juan (interpretado por Brays Efe) está nun momento no que a vida o adiantou pola dereita e pouco a pouco ten que ordenarse para alcanzala.

Cal foi a escena máis difícil e surrealista de filmar? J. G.: Foi unha rodaxe bastante amable e atípica. A proposta de dirección baseábase en moitos planos secuencia, o que facía que as xornadas a veces fosen curtas e agradecidas. As dificultades viñan por necesidades técnicas: ter que cortar rúas moi transitadas de Madrid para tirar un piano desde unha grúa, por exemplo, é algo moi surrealista e de suma complicación, pero á vez divertido, estás esperando nervioso para ver como se rompe o piano mentres os auxiliares de produción e dirección están loitando contra xente que se está cagando na túa nai por cortarlles o paso. En xeral iso é o que máis boto de menos da rodaxe: tirar cousas desde grúas.

Que vos dixeron os vosos pais, veciñas e avós dos vosos filmes, tanto deste novo como dos anteriores? J. G.: Lembro que os meus pais viñeron á estrea de *Searching for Meritxell* (2014) en Barcelona. Ao saír, o meu pai estaba morto da risa cunha escena en concreto, mentres que a miña nai simplemente me deu os parabéns. Creo que ningún dos dous acabou de entender moi ben de que ía todo iso, pero alegrábanse de que estivese facendo o que me gustaba. Con *La reina de los lagartos* (2019) e *O fantástico caso do Golem* hai unha vontade de chegar a máis público, digamos que son filmes máis accesibles e aí xa teñen unha opinión e unha crítica máis formada. Á miña avoa, por exemplo, sempre lle din que os meus filmes non lle gustarán e entón non os ve para seguir tendo unha boa imaxe do seu neto. É un pacto de non agresión mutuo.

N. M.: A verdade é que é a primeira vez, con *O fantástico caso do Golem*, que os vexo saír dunha sala entendendo por que levo tantos anos detrás do soño de ser cineasta. Iso é unha boa sinal, significa que -como di Juan- abrímonos máis ao público e fixémonos máis accesibles sen perder o noso selo. Dos filmes anteriores sempre esperaron ler que dicía a prensa para ver se era algo que non ía con eles ou se todo o mundo estaba de acordo en que somos uns lelos.